



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

Axencia Galega de Infraestruturas

Servizo Provincial da Coruña

Resolución do 4 de maio de 2026 do Servizo Provincial da Coruña, pola que se acorda realizar o pagamento de Xuros de Demora por expropiación para a obra con clave AC/24/010.06, no Concello de Laxe

Resolución do 4 de maio de 2026 do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, pola que se acorda realizar o pagamento de XUROS DE DEMORA por expropiación para a obra Senda peonil na AC-433 (Laxe). Segunda fase (clave AC/24/010.06), no concello de LAXE.

En cumprimento do artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa, do 26 de abril de 1957, acordo facer o pagamento de XUROS DE DEMORA dos bens e dereitos afectados pola obra Senda peonil na AC-433 (Laxe). Segunda fase (clave AC/24/010.06), no concello de LAXE que figuran expostos no taboleiro de anuncios do concello.

O pago realizarase mediante transferencia bancaria a quen figura como titular no expediente. No suposto de cambio na titularidade da propiedade que figura no expediente, deberán achegar documentación que acredite a transmisión da propiedade e DNI do novo titular.

Para proceder ao pagamento, os titulares dos bens e dereitos afectados deben proporcionar un certificado de titularidade da conta bancaria co número de conta completo (incluído IBAN e BIC) dentro dos dez (10) días hábiles, no que todos os propietarios figuren conxuntamente como titulares. No caso de que no devandito período non se proporcione a documentación, a transferencia aos titulares non se poida levar a cabo e/ou a propiedade dos bens e dereitos afectados non se acredítase suficientemente, o importe de XUROS DE DEMORA depositarase na Caixa Xeral de Depósitos.

A documentación requirida debe presentarse por calquera dos seguintes medios: nas oficinas de asistencia en materia de rexistros, nas oficinas postais dirixidas ao Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, (rúa Vicente Ferrer, 2-8ª planta, 15071 A Coruña), mediante presentación electrónica na dirección <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, 4 de maio de 2026

O xefe do Servizo

Felipe de la Vega Gándaras

2026/2830